

## Concello de Santa Comba

Actividade de patinaxe cun 50% de financiamento.

### El Juguetón

Ximnasia Rítmica / Baile Moderno / Taller de cociña / Pintura e Debuxo / Kick Boxing Lúdico / Informática / Taller Multixogos / Taekwondo / Ioga Infantil / Baile e Música Tradicional Galega / Obradoiro de Manualidades / Reforzo educativo / Técnicas de Estudo.

Unha actividade \_ 17€ / Dúas \_ 32€ / Tres \_ 45€ / Catro \_ 60€ / Cinco \_ 75€

Prezos establecidos en base a un mínimo de 12 participantes por actividade. O prezo incrementárase en caso de levar a cabo a actividade con menos de 12 participantes.

### PSI Terapia e Formación

Inglés – Francés / Cociña / Baile Moderno – Zumba / Informática / Ludoteca – Manualidades / Técnicas de Estudo / Reforzo educativo / Debuxo e Pintura

Custo das actividades: 24€ / hora [excepto a actividade de Cociña, 30€ / hora].

Existe a opción de pago individual cun custo de 15€ por participante e actividade cun mínimo de 8 participantes.

Ademais valoraranse as peticións que poidan xurdir, sempre e cando se poida conseguir un monitor.

## Plan de actividades extraescolares 2020/2021

A oferta de actividades será proporcionada polo Concello de Santa Comba e polas empresas El Juguetón e PSI Terapia e Formación, e estará xestionada pola ANPA.



**PLAN DE  
ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES**  
C.E.I.P. PEPE DE XAN BAÑA  
2020 / 2021



## A ANPA...

Colaborará, como vén sendo habitual, no financiamento dunha parte do custo de contratación das actividades. Gracias a isto os prezos no curso 2019/2020 foron de 10€ para unha actividade e de 15€ para dúas actividades.

Para o vindeiro curso 2020/2021 o custo de contratación das actividades extraescolares dependerá das posibles variacións de prezo que poidan presentar as entidades provedoras do servizo con respecto ó curso actual. Isto podería afectar, aínda que moi levemente, ó prezo final. Dende a ANPA sinalan que para que unha actividade sexa viable debe haber un mínimo de 12 participantes.

## Horario xeral do centro 2020 / 2021

Clases \_ 09:30h a 14:30h

Comedor \_ 14:30h a 15:30h

Transporte de regreso a casa \_ 15:30h  
[excepto os luns \_ 16:40h]

Actividades extraescolares \_ 15:30h a 16:30h

O horario de realización das actividades extraescolares será de 15:30h a 16:30h, ó rematar o servizo de comedor escolar. Se houbese familias interesadas, e suficiente matrícula para cada actividade, este horario poderíase ampliar en consenso coa ANPA.



## C.E.I.P. Pepe de Xan Baña

### Os luns...

Debido ás limitacións de dispoñibilidade das empresas de transporte, o servizo de transporte de regreso a casa terá lugar despois das actividades extraescolares (16:40h). Como consecuencia, estará no colexio a totalidade do alumnado durante a hora de extraescolares e, para cubrir unha probable maior demanda, reforzase a oferta de actividades.

### De martes a venres...

O servizo de transporte de regreso a casa terá lugar ó rematar o servizo de comedor escolar e antes das actividades extraescolares (15:30h). Polo tanto, serán as propias familias as que deberán recoller ós seus fillos/as no colexio ó remate das actividades extraescolares ás 16:30h.